



Minidiccionario ou glosario da *Rapa das bestas de Sabucedo*.

Un vademécum

Manuel Cabada Castro

m.cabada@res.upcomillas.es

Roi Vicente Monteagudo

roivicmon@gmail.com

Resumo. Preséntanse aquí, alfabeticamente ordenadas, palabras ou expresións utilizadas para designar unha serie de espazos, costumes, accións, etc., estreitamente vinculadas coa festa local, nacional e internacional da Rapa das Bestas de Sabucedo, pertencente ó concello da Estrada, coa idea de que así concentradas e resumidas poidan contribuír eficazmente ó afianzamento e fortalecemento deste importante evento cultural e festivo.

Abstract. We present here, in alphabetical order, words or expressions used to designate a number of spaces, traditions, actions, etc., closely related to the local, national and international festival known as *Rapa das Bestas* of Sabucedo, in A Estrada city council, with the idea that, so concentrated and summarized, they can effectively contribute to consolidate and strengthen this important and cultural festivity.

Aclaración previa

Sobre a festa da Rapa das bestas de Sabucedo hai hoxe abundosa información en moi distintos medios. Aínda así, probablemente será ben recibido un breve escrito coma este no que, alfabeticamente e de maneira concentrada e sintética, se recollen datos e datas e maila información xeral máis pertinente sobre a celebración festiva dun acontecemento tan singular. Coidamos que poderá probablemente serlles útil a calquera interesado, a forasteiros, xornalistas ou a xente normal e corrente que asiste á festa por primeira vez ou que levan xa tempo vindo a ela sen coñeceren porén axeitadamente a súa historia, a súa tradición ou a súa linguaxe e simbolismos. A idea xurdiu do bo amigo Roi Vicente Monteagudo, quen á marxe da súa profesión como avogado exerce de valente aloitador no curro e sabe ademais converter en arte escultórica a súa relación coas bestas. Entre os dous puxemos mans á obra e este é o modesto resultado. Esperamos que poida serlles de proveito a moitos.

Acurrar: conducir ou “baixar” conxuntamente desde o monte as diversas greas de bestas ata o lugar axeitado para as operacións da rapa, etc.. A palabra aparece no ano 1733 por primeira vez no Libro da Fábrica da igrexa deste modo: «4 reales de plata que se gastaron de dos veces que se han *acurrado* las yeguas del glorioso San Lorenzo». Ver *Curro*.

Agarrador/a: persoa que axuda ós aloitadores a manter inmóbil a besta no curro durante a acción da rapa.

Aloitador/a, aloitar: estas palabras non aparecen no Dicionario de Real Academia Galega. No curro de Sabucedo, en troques, a diferenza doutros curros, hai “aloiadores” e “alóitaselles” ás bestas. Isto faise de maneira ritual ou regrada, tomando sucesivamente parte na aloita normalmente tres aloitadores que se agarran corpo a corpo á besta: un primeiro que se lanza enriba da besta para suxeitala pola cabeza ó tempo que vai baixando dela; un segundo que desde o chan intenta tamén suxeitar a besta pola cabeza ó outro lado da besta, “cruzándolle” (ver *Cruzar*) entre os dous aloitadores os brazos (dereito e esquerdo respectivamente) á besta na cabeza; e un terceiro que intenta tamén inmovilizar e desestabilizar a besta suxeitándoa con forza polo rabo. Nisto diferénciase a Rapa de Sabucedo doutras Rapas nas que se empregan determinados instrumentos (cordas, etc.) para suxeitar ou inmovilizar as bestas. No curro de Sabucedo é norma indiscutida a «aloiita» corpo a corpo co animal, sen máis instrumentos que os propios brazos e habelencia, ata chegar a inmovilizalo de pé ou no chan para a acción da rapa. En calquera caso a aloita no curro diríxese só ás bestas (e cabalos) “do santo” (ver *Santo*), non ás particulares: un feito que amosa nidiamente o entroncamento relixioso ou eclesiástico da Rapa das bestas de Sabucedo. No ano 1999 aloitou por primeira vez no curro unha moza, á que seguirían desde entón nos anos seguintes tamén outras. Polo demais, “aloiitar” úsase en Sabucedo non só en relación coas bestas, senón tamén nas “aloiitas” entre mozos ou rapaces. “Aloitamos?”, “Alóitoche?”, etc. son unha invitación lúdica a alguén ou un desafío máis ou menos regrado para ver quen domina a quen, inmovilizándoo no chan coa forza e habelencia propias, sen a utilización de ningún outro medio cós

brazos. “Aloitar” non se identifica polo tanto sen máis con “loitar”, como semella dar a entender a meirande parte dos dicionarios. Significativamente, Marcial Valladares, nado no territorio do concello estradense (ó que pertence tamén Sabucedo), non se suma a eles e no seu dicionario de 1884 describía “aloitar” así: “luchar, agarrarse enredando y sin ánimo de ofender. Vese esto generalmente entre los mozos y mozas del campo”. Ver *Cruzar*.

Aventar: termar da besta polos fociños ou “ventas”, dificultándolle a respiración, para que non se mova. Acción, porén, que non se realiza nas operacións da Rapa das bestas de Sabucedo.

Axoar: falarlles, berrar ás bestas para que vaian rápido. Dise que as bestas están «axoadas» cando están intranquilas, asustadas normalmente porque xa intentaron xuntalas anteriormente sen éxito, e así son difíciles de coller (exemplo: as bestas están axoadas porque esta mañá estiveron os dos cabalos detrás delas).

Baixar as bestas: fai referencia á acción común de xuntar e “baixar” o meirande número posíbel de bestas desde o monte ata a aldea de Sabucedo. Desde o ano 2011 as bestas empezaron a baixarse o primeiro venres do mes de xullo (que neste ano cadrou ser o día primeiro do mes), mentres que con anterioridade a este ano, e desde ben entrada xa a segunda metade do século XX, isto ocorría no primeiro sábado deste mesmo mes. Coincidindo con este adianto da baixa ó venres, foi tamén neste ano 2011 cando por primeira vez as bestas non foron conducidas no mesmo día a Sabucedo, senón que permaneceron ata o mediodía do día seguinte (sábado) nunha zona cercada do monte próxima a Sabucedo (cara ó oeste da aldea), no peche do Castelo. É entón, no día seguinte, cando son conducidas desde o Castelo ata a aldea mesma de Sabucedo para despois de atravesala ser concentradas de novo no peche de Cataroi, no chamado “Monte de Arriba” (ben próximo a Sabucedo), ata a celebración do primeiro curro. En tempos antigos a baixa celebrábase tradicionalmente en datas máis temperás, concretamente no día de Pentecoste. Aínda que hai que engadir que había tamén por entón normalmente unha segunda «baixa», de ton menor, no seguinte día festivo, no día do Corpus, coa finalidade de rapar e marcar as bestas que por unha ou

outra razón non baixaran do monte o día de Pentecoste. Isto é así concretamente no século XVIII, aludíndose no ano 1779 á posibilidade de que houbera incluso máis de dúas baixas: «cuando se esquilan o benefician los potros siempre se juntan o traen a Corral donde se pueden reconocer e inspeccionar, *cuando menos por dos ocasiones al año*». Aínda que era tamén posible que, debido ó mal tempo, non houbera baixa ningunha. Así, por exemplo, no ano 1828 indícase o seguinte: «trasquilo de zerdas en este año no le hubo por no lo permitir el tiempo». Antes de se iniciar cara ó mediodía a “baixa” propiamente dita desde Montouto cara a Sabucedo, as diversas greas de bestas son previamente conducidas a unha zona previamente acondicionada onde se manteñen reunidas e arredadas: actualmente no Peón; antes era nas Lamas. O lugar máis antigo e tradicional (alomenos desde comezos do século XX) era porén o «O Chao das Queimas», próximo ó «Peón». Ver *Número de bestas*, *Facer cordón*.

Besta: fai referencia en principio tanto ás femias coma ós machos do gando cabalar do monte. No caso das bestas de Sabucedo non semella axeitado traducir ó castelán, tal como ás veces ocorre en informacións escritas, “besta” por “bestia”; o correcto sería utilizar entón simplemente a palabra “yegua”.

Besta particular: As chamadas bestas “particulares” son as que, non pertencendo estritamente á eguada de San Lourenzo, viven de feito mesturadas coas do “santo” formando parte das diversas greas dirixidas polos cabalos “do santo”. Os donos das mesmas teñen cadansúa propia marca, distinta tanto da do “santo” como das doutros propietarios particulares, e ben sexa gravada na pel con ferro candente ou nas orellas (galladas, furadas, fendidas, beliscadas, etc., mais non fanadas –ver *Fanar*–, por seren estas últimas propias e exclusivas das bestas do santo). É o luns que segue ó domingo da Rapa o día especificamente dedicado á rapa e marcado destas bestas, operación que se realiza nas dependencias particulares (corte, eira, etc.) de cada dono concreto sen ter que se ater xa ós modos tradicionais da aloita no curro (tales coma a non utilización de cordas, etc.). Foi cara a mediados do século XIX cando se iniciou o proceso de admisión dun número cada vez maior de bestas par-

ticulares nas greas do “santo”. Neste sentido o párroco Manuel de Castro indicaba en 1862 que «algunas cabezas de la yeguada pertenecen a particulares». Este proceso está en relación coa simultánea e progresiva liberación social do pobo respecto dos seus «señores» tradicionais, civís ou eclesiásticos. O século XX convértese por iso na etapa en que o número de bestas particulares chegará a superar ó das bestas da igrexa (ver *Número de bestas*). É doado ver polo demais que a presenza destas bestas particulares formando parte xunto coas do santo das greas de Sabucedo ten a vantaxe engadida de que os veciños, ó tempo que se ocupan das súas propias bestas, non poden menos de prestaren tamén atención e coidado ás do santo coas que forman un único conxunto (ver *Mordomo fabriqueiro*).

Bicho: cría nova, sexa macho ou femia, ata que cumpre máis ou menos un ano, empezando entón a ser denominada xa máis propiamente como “poldro/a” (ver *Poldro/a*).

Calzada/o: dise da besta ou cabalo con algunha mancha branca xunto ó casco das patas.

Campo do Medio: situado cara á parte norte de Sabucedo, cunha fermosa carballeira que en tempos máis antigos era tradicionalmente tanto lugar de descanso e asueto das diversas greas de bestas como dos asistentes á festa da Rapa. Hai case dous séculos, en 1830, nos libros de contas da Rapa aparecía consignado este gasto: «Custodia de las Yeguas en el Campo del Medio: 2 reales». Actualmente é o lugar da festa exterior ó curro: conxuntos musicais, postos de venda de xantares e bebidas, acampadas, etc.

Carballo cerqueiro (ou *cerquiño*): o que nace onda o tronco dun carballo adulto e que, cortado, pode converterse en “pau de moca” (ver *Moca*).

Careto/a: a cor branca ocupa *toda* a “cara” da besta. Ver *Fachado/a* e *Conchado/a*.

Celeiro (O): casa e sitio á beira da estrada vella de Sabucedo desde onde cara ás 7'00 da mañá (tras a misa celebrada ás 6'30 en honra de San Lourenzo) sae a xente cara ó monte para buscar, xuntar e baixar as bestas.

Conchado/a: a besta leva na testa un pequeno sinal branco en forma de concha ou estrela.

Crinas (ver *Sedas*).

Cruzar (os brazos): acción pola que dous aloitadores suxeitan a besta pola cabeza, a ámbolos lados dela, facendo “cruz” cos seus brazos (dereito e esquerdo respectivamente) arredor da súa cabeza, tapándolle así ó tempo tamén a visión. Ver *Aloitador*, *Rapa*, *Día da rapa*.

Curro: recinto destinado especificamente á “rapa” propiamente dita das bestas. En Sabucedo hai dous. Un deles é o chamado curro “vello”, ó lado da igrexa parroquial, construído na súa primeira fábrica no ano 1779. Foi Felipe Carabeo, párroco de Sabucedo e Liripio, quen tomou a iniciativa para a súa construción solicitando o debido permiso ó arcebispo de Santiago. Con anterioridade facía de curro o propio adro da igrexa parroquial. Así no ano 1742 quedou anotado o seguinte gasto relacionado coa baixa das bestas: «un cañado de vino que se gastó el día que se trajeron las yeguas al curro: 15 reales». Foi nese mesmo ano da construción do curro vello (1779) cando tamén se construíu ó lado do mesmo unha pequena edificación, a “caseta” (así chamada desde o século XVIII), que cumpriu determinadas funcións relacionadas coa Rapa ata case finais do século pasado. O primeiro curro mantívose activo, con diversos arranxos e engadidos prácticos realizados na segunda metade do século XX (mais que entorpecían a visión limpa e aberta do edificio da igrexa) ata o ano 1996. O 8 de xullo deste ano (luns da Rapa) bendiciuse a primeira pedra do novo curro e un ano despois, na tarde do 5 de xullo de 1997, durante a festa da Rapa dese ano, celebrouse a súa inauguración no novo emprazamento na zona do «Campo do Medio» (na parte norte de Sabucedo e a carón da vella estrada) coa presenza de autoridades locais e autonómicas. Estivo tamén presente o escultor do bronce feito arte —con escenas da baixa e da rapa— dos portóns do curro, Xoán Xosé Oliveira. Ver *Campo do Medio*, *Acurrar*.

Día da baixa (ver *Baixar as bestas*).

Día da rapa: fai referencia ó día no que se rapan no curro as bestas. Na actualidade a acción da rapa está repartida en tres días,

que son os primeiros sábado (pola tarde), domingo (pola mañá) e luns (tamén pola mañá) do mes de xullo; para a súa entrada no curro as bestas son conducidas desde o peche ou cercado de Cataroi (no “Monte de Arriba”) a través da aldea de Sabucedo ata o curro; ó final das operacións que se realizan no curro volven de novo a Cataroi, onde descansan, pacen, beben e se reagrupan coas súas crías. Non fai falla engadir que as datas da rapa varían en función dos cambios ocorridos en relación co día da baixa. Nos primeiros tempos documentados baixa e rapa eran respectivamente no domingo e luns de Pentecoste. Ver *Baixar as bestas*, *Sedas*, *Día das eguas*, *Rapa*, *Cruzar*.

Día das eguas (ou *égoas*): nome co que en tempos anteriores (ata finais dos anos sesenta do século XX) se designaba a festa que despois empezaría a chamarse máis ben da Rapa.

Encongostrar: meter un grupo de bestas nunha “congostra” (correioira, camiño, etc.) para facilitar collelas.

Entradas (bestas): dise cando se trata de bestas «ladras» (ver *Ladra*) que están nese momento dentro das veigas dun pobo veciño.

Facer cordón: acción pola que, durante a “baixa” das bestas, as persoas que as acompañan manteñen continuamente rodeado o conxunto en movemento da eguada desde o seu lugar actual de reunión no Peón ata Sabucedo (ver *Baixar as bestas*).

Fachado/a: besta cun sinal branco na cara ou testa que, a diferenza do *careto/a* (ver), non ocupa *todo* o espazo frontal da cabeza senón que vén sendo algo así coma unha gravata (máis ou menos estreita ou longa) de arriba a abaixo. Este é o significado corrente que ten a palabra “fachado” no contexto da Rapa das bestas de Sabucedo, mentres que os dicionarios galegos antigos ou modernos véñenlle dando a esa palabra o significado de persoa con labio leporino (ou fendido). No dicionario (en rede) da Real Academia Galega á palabra “fachado” non se lle atribúe porén significado algún. X. L. Méndez Ferrín di no seu “Fondo dos espellos” (“Faro de Vigo”, 1 de agosto de 2015) que esa palabra “debería incluírse no dicionario da RAG e nos demais dicionarios galegos”. A palabra, ben presente na fala normal en Sabucedo, podería provir dunha

asociación co lume e estaría relacionada coa palabra “facho”, o que faría que veña ter un significado semellante ao que se lle dá tamén en inglés (*blaze*) ao animal con esas características.

Falarlles (ás bestas): voces dirixidas ás bestas para intentar contelas ou encamiñalas segundo se pretende.

Fanar (as orellas): expresión utilizada para a acción pola que ás bestas (cabalos incluídos) do “santo” (ver *Santo*) se lles corta a punta das dúas orellas desde que son bichos (ver *Bicho*). No ano 1744 fábase xa de «marcar los potros nuevos».

Gala en loanza dos aloitadores: celebración festiva, que comeza no ano 2010, dun acto de homenaxe a diversas persoas que se distinguiron meritoriamente dun modo ou outro polo seu labor e compromiso a prol da festa da Rapa. O acto ten lugar no curro novo no anoitecer do día inmediatamente anterior ó día da Baixa.

Garañón (ver *Griñón*).

Grea: cada un dos diversos grupos ou mandas de bestas pertencentes a un mesmo griñón á fronte das cales está el.

Grella (de San Lourenzo): esta marca de ferro das bestas “do santo” (na que nun dos extremos sobresaía unha pequena cruz) pretendía ser unha semellanza da grella incandescente sobre a que fora martirizado o diácono San Lourenzo, padroeiro das bestas de Sabucedo. Desde 1738 aparecen diversas anotacións nos libros da igrexa de Sabucedo sobre gastos relativos a diversos arranxos da “parrilla del santo”, sobre a “alfaia” do “hierro con que se marcan las yeguas y potros de la fábrica”, etc.

Griñón: cabalo dono ou xefe dun determinado grupo de bestas (ver *Grea*) que as dirixe e controla. En Sabucedo estes cabalos son tradicionalmente sempre do “santo” (ver).

Ladra: besta que, para se alimentar, invade espazos ou predios de propiedade particular. Ver *Entradas (bestas)*.

Marcas (as bestas): Ata mediados do século pasado a marca das dúas orellas fanadas (ver *Fanar*) das bestas do santo era completada aínda, ó se cumprir o primeiro ano de vida, cun sinal na coxa (tratándose de femias) ou na anca (no caso dos machos) producido por un ferro candente que imitaba a grella (ver *Grella*) de San Lourenzo.

Despois de que nesa época se deixa de marcar coa grella de San Lourenzo, hai aínda un breve lapso de tempo, no que se adoptou o sistema de substituír a grella por números, ata que se abandonou definitivamente este sistema, quedando seguidamente as orellas fanadas coma único sinal distintivo das bestas “do santo”.

Microchip: debido a esixencias legais e coa finalidade dunha identificación máis completa das bestas iniciouse na Rapa do ano 2005 a implantación nas do santo dun «microchip» identificador. Os custos e responsabilidades derivadas desta nova normativa legal contribuíron a unha acusada diminución do número de bestas particulares no conxunto da eguada.

Moca (pau de): pertence ó ritual tradicional do día da Baixa esta especie de vara, procedente dun *carballo cerqueiro* (ver), que se caracteriza por ter no extremo que apoia no chan un pequeno vulto en forma de verruga ou excrecencia.

Montouto: nome xeral que vén abranguer as diversas zonas de montes onde se atopan as greas de bestas da eguada, cara ó solpor de Sabucedo, como os da Conla, do Cabeiro, de Corvos, Quintas, Cúña, da Planzadoira, de San Isidro, das Lamas, do Cádavo, etc., pertencentes a diversos concellos. Sobre o nome “Montoto” ver *Sedas*.

Mordomo fabriqueiro: este cargo estaba en relación coa atención ás bestas do santo baixo a autoridade do párroco. Durou ata 1864 inclusive. No tempo do párroco Manuel de Castro Ruibal anótanse coidadosamente os nomes dos diversos fabriqueiros, un fabriqueiro cada ano, desde 1854 ata 1864. Desde o ano seguinte ata 1869 non aparecen xa máis nomes de fabriqueiros. Tal ausencia débese a que o cargo deixou de ser de obrigada aceptación ó se converter desde esa data, por orde real, en “voluntario”. Por iso os párrocos víronse obrigados entón a facer non poucas veces de fabriqueiros, mentres que os veciños pola súa parte reclamaban algún tipo de corresponsabilidade e participación en relación coas bestas, aínda que de forma diferente do sistema tradicional.

Número de bestas: o reconto das bestas pertencentes á eguada de Sabucedo non foi nin é tarefa doada, sobre todo ó ir aumentando

o número das mesmas. Desde o arcebispado de Santiago urxíase ós párrocos a realizar tal reconto, como por exemplo cando o bispo auxiliar de Santiago, Juan Varela Fondevila, na súa visita a Sabucedo do 24 de agosto de 1779, deixaba constancia escrita da necesidade de levar boa nota do número de bestas, etc. con ameazas incluso, en caso contrario, de excomuñón. É no ano 1724 cando aparece o primeiro reconto oficial nunha Memoria da Fábrica de Sabucedo, que vén sendo coma un inventario de todo o que pertence á igrexa, con esta indicación: «Hay treinta y cinco yeguas y potros, y se mantienen en Montoto». Vintedous anos despois, en 1746, o número de bestas redúcese a «veinticinco hembras y cuatro potros», segundo a anotación do párroco Felipe Carabeo no seu «Recuento de las alhajas de esta iglesia de Sabucedo». No Libro da Fábrica do ano 1752 fálase do «ganado bravo de yeguas y potros de esta fábrica, que son 37 piezas», número que non se diferencia moito do que se sinala no *Catastro de Ensenada* (dese mesmo ano), cando nel se anotan os bens pertencentes á fábrica da freguesía de Sabucedo: «Tiene en los montes de Prouzadoira Treinta y tres Hiegas maiores y menores y dos Hacos que sirven de Padres». Polo que parece (ó falarse aquí de dous grifións), trataríase de dúas greas. Queda así tamén constancia da zona do monte onde se atopaban estas greas de mediados do século XVIII, na que aínda hoxe vive parte da eguada de Sabucedo. Estas greas deberían de ser as únicas, porque cando se fai constancia no devandito *Catastro* dos «Ganados pertenecientes a los eclesiásticos» en Sabucedo figuran tamén coma pertencentes á igrexa exactamente dous cabalos e 33 eguas, o que coincide co anterior. En outubro de 1779, un cuarto de século despois do *Catastro*, hai constancia dun novo reconto das bestas, dando coma resultado «68 piezas, en el que se cuentan los 6 potros y 5 potricas de un año». Porén, pouco despois, en setembro do ano seguinte, 1780, hai outro «recuento de las yeguas y ganado» con esta conclusión: «pareció el número de cuarenta y cuatro cabezas de yeguas: de éstos seis potricos y cinco potras de un año». Máis ou menos un século despois, no ano 1883, o número de bestas oscilaba entre 70 e 90. No século XX e comezos do XXI o número de bestas aumentaría considerabelmente. Nos anos vinte do século pasado

hai xa máis bestas particulares que do «santo». Así P. Varela Castro ofrecía no seu libro *La Estrada* de 1923 este dato: «actualmente pertenecen al Santo doce manadas de sumar unas cien cabezas; las particulares pasan de ese número». A mediados deste século XX son xa as particulares máis do dobre cás da igrexa, chegando a ser estas últimas en datas posteriores só unha terceira parte (máis ou menos) do número total de bestas. A continuación indícanse algunhas anotacións tomadas (desde un estratéxico balcón da casa de Lino Cabada) sobre o número de bestas que baixaron do monte ó longo de case unha trintena de anos (desde 1986 a 2015). Son estas (entre paréntese o ano): 511 (1986), 584 (1990), 611 (1991), 500 (1993), 450 (1994), 570 (1995), 526 (1996), 433 (1997), 540 (1998), 360 (1999), 458 (2000), 278 (2001), 426 (2002), 465 (2003), 443 (2004), 350 (2005), 360 (2007), 380 (2008), 493 (2009), 435 (2010), 317 (2011), 331 (2012), 452 (2013), 284 (2014), 275 (2015). Nestas anotacións están incluídos os poldros e poldras dun ano, pero non os máis novos (os chamados «bichos» ou «bichiños»).

Pau de moca (ver *Moca*).

Pedrés (pedresa): dise da cor da besta na que predominan e se mesturan manchas de cor branca e negra, de modo semellante á cor da “pedra”.

Perrera: guedella ou floco de pelo na parte superior da testa da besta que se lle deixa sen cortar ós garañóns (ver *Griñón*) cando son rapados e que pola contra si se lles rapa ás femias.

Poldro/a: cría de besta ata arredor dos tres ou catro anos de vida (ver *Bicho*). Frei Martiño Sarmiento escribe (no século XVIII) que por Soutelo de Montes e mais por Cerdedo chaman “poldro” ou “poldra” ó “potrico o potrico de las yeguas”. De modo que en Sabucedo (que está preto de Cerdedo) chamarían tamén xa así daquela. En calquera caso, hai documentación escrita galega aínda máis antiga (xa desde o século XI) na que se utiliza a palabra “poldro” no sentido indicado (ver *Poldro ou poldra da ano*).

Poldro (poldra) da ano: que ten un ano. Advírtase que se di “da ano”, non “do” ano ou “dun” ano (ver *Poldro*).

Rapa (rapar): corte das sedas do pescozo e do rabo da besta realizado por persoa distinta dos aloitadores ou agarradores, utilizándose para tal acción tesoiras apropiadas e unha esteira para recoller nela as sedas. Semella que a primeira vez que xorde na linguaxe dos libros parroquiais a palabra “rapar” é no ano 1759 cando se anota o seguinte sobre os gastos de consumo de viño na baixa e rapa dese ano: “56 reales de vino para todos los vecinos y más que asisten a traer del monte el ganado bravo y raparlo”. Actualmente a acción de “rapar” non ten, a diferenza de tempos anteriores (ver *Sedas*), ningunha finalidade práctica ou económica, senón que está só en función da conservación do ritual tradicional da rapa. Aínda que tradicionalmente o rapar bestas foi cousa de homes, cando estes faltaron durante a guerra civil as mulleres exerceron o oficio con destreza. Velaquí un resumo das informacións recibidas de Angelita Obelleiro Bouzas. Ocorreu polo menos nos anos 1937 e 1938, sendo ela moza. Facíanse pasar as bestas, ó baixaren do monte, por un estreito paso flanqueado a ámbolos dous lados por unha armazón de madeiras preparadas ad hoc na zona, próxima a Sabucedo, do Cacharón, saíndo logo as bestas tras seren rapadas directamente xa cara ó *Campo do Medio* (ver). As mozas de entre 16 e 19 anos (nin máis novas nin maiores), axeonlladas na parte alta das madeiras que lles estreitaban o paso ás bestas, rapábanlles as sedas do pescozo e mais do rabo. “Sen gaiteiros, nin pandeiretas, nin festa nin nada...”. Ver *Día da rapa*.

Ruán (ou *roán*): cor do pelo da besta que vén sendo coma a cor baia (tirando a amarela ou dourada) ou coma unha mestura de cores branca, gris e baia.

Santo (bestas do): as que se distinguen das demais por teren unicamente a punta das dúas orellas cortadas ou “fanadas” (ver *Fanar*). O “santo” (“do santo”) fai referencia ó santo padroeiro da parroquia de Sabucedo, San Lourenzo (ver *Vellas*). Constitúen en certo modo a base ou estrutura fundamental ou orixinal do conxunto das bestas, dado que mesturadas con elas hai, xa desde mediados do século XIX, un número indeterminado de bestas de propiedade particular, actualmente con tendencia decrecente (ver *Microchip*), coas súas propias marcas (ver *Besta particular*).

Sedas: pelo longo do pescozo e do rabo das bestas, que é obxecto da operación da rapa. Nas primeiras anotacións escritas desde a penúltima década do século XVII, as ganancias que a igrexa percibe en relación coas bestas dependen, aparte das vendas directas de poldros, das vendas de coiros ou peles das bestas e non precisamente das vendas das súas sedas, das que só empeza a haber constancia no ano 1724. É neste ano cando, ó tempo que se indica que o número de bestas é de trinta e cinco e de que están en “Montoto”, se anota tamén que o arcebispo de Santiago ordena o seguinte: “Las cerdas del ganado del Santo sean para la fábrica desde hoy en adelante ...”. En consecuencia, ocorren xa neste mesmo ano as primeiras vendas das sedas (“cerdas” en castelán): “diez reales y medio de las cerdas que se vendieron”. Ata entrada a segunda metade do século XX non deixaron de ter as sedas das bestas unha clara finalidade económica. Neste sentido, escribía polos anos trinta do século pasado J. Rof Codina sobre a utilidade práctica das sedas do gando bravo cabalar galego o seguinte: “cuando no se venden las crines para usos industriales, los ganaderos las cuecen para desengrasarlas y las destinan a la fabricación de cuerdas y roncales muy resistentes o para el relleno de colchones, almohadas o sillones de tapicería”.

Sestear: dise das bestas cando paran de comer e de andar e se manteñen quietas e de pé.

Solta: elementos de corda (solta) ou de madeira (tranca) que se lle coloca a unha besta para reducir a súa mobilidade. No monte de Sabucedo nunca se empregaron, aínda que si noutros montes de Galicia e o seu uso está prohibido por lei.

Soltar as bestas: o luns da Rapa cara ó mediodía é cando a eguada de Sabucedo (bestas do santo e particulares), rematadas xa os actos e tarefas deste día, realiza a súa viaxe de volta, a paso lixeiro e sen vagar, cara as súas propias e tradicionais zonas do monte, exercendo nisto os griñóns o seu labor de agrupar e liderar as propias bestas con rinchos e outros xestos. Mais antes de se dirixiren definitivamente as greas cara ás súas propias zonas montesías acougan aínda o tempo que queiran no recinto do monte, cercado e relativamente próximo, do Castelo, onde especialmente a bichos e poldros lles

será máis doado reencontrarse coas nais. Cada grea poderá polo tanto decidir o intre de saír pola entrada aberta do cercado cara á súa particular e tradicional zona do monte.

Tornar: vixiar ou coidar das bestas.

Tranca (ver *Solta*).

Vellas (as): nome co que a tradición oral lembra as dúas irmás que estarían na orixe da Rapa das bestas coa súa doazón, tras seren liberadas dunha peste, a San Lourenzo, padroeiro da parroquia, dun par de bestas da súa propiedade. Os veciños de Sabucedo manteñen, en efecto, comunitariamente a crenza de que a orixe desta festa está no feito dunha gran peste que devastou a bisbarra. En tal situación as irmás ofrécenlle a San Lourenzo dúas bestas da súa propiedade se as defendía do contaxio. No tempo que durou a ameaza da peste as irmás refuxiáronse nunha cabana non moi afastada do pobo (a fuxida era entón considerada como o mellor remedio para non pereceren). Pasada a peste cumpriron a súa promesa, doándolle ó párroco as bestas, que andando o tempo se multiplicaron polos montes próximos. Sobre esta posible orixe da Rapa das bestas non hai noticias nos libros parroquiais, aínda que existen algúns datos que poderían estar a prol dela nalgúns topónimos que semellan ter relación co sitio, próximo á Sabucedo, onde as vellas se refuxiarían; por exemplo, “A Cabana” (“O Coto da Cabana”), unha leira nunha carballeira a un quilómetro máis ou menos da aldea de Sabucedo na que se atopan restos (nos anos oitenta do século pasado aínda visibles, soterrados despois e redescubertos arqueoloxicamente no ano 2013) de muros ou paredes dunha antiga casa; hai tamén, no entorno desa mesma “Cabana”, outros topónimos como “Carballeira das Vellas”, “Lebagueiras vellas”, “Fonte das Vellas”, etc. En calquera caso, a tradición oral podería estar baseada nalgunha das pestes das que hai constancia que tiveron lugar desde a segunda metade do século XVI. Sabemos concretamente dunha que afectou directamente ó Couto de Codeseda (e polo tanto non só a Codeseda, senón tamén a Liripio e Sabucedo, pertencentes entón a ese Couto). Foi a peste bubónica (“mal de bubas”) do ano 1567. No “Tumbo E” da Catedral de Santiago hai esta anotación:

“Año de mill e quinientos sesenta y siete por el mes de Octubre empeçó la pestilencia en el puerto del Grobe y duró más de año y medio; y de allí dio en Caldas de Reyes, en Codeseda, en Noya, en Rianjo; y por Mayo de sesenta y nueve empeçó en la villa de Vigo y en la ciudad de Santiago, y duró en ella hasta el mes de henero de setenta. Murieron en Sanctiago ocho mil personas de toda suerte”. Naturalmente, desta ou doutras pestes posteriores non pode haber constancia nos documentos parroquiais, dado que estes comezan a escribirse a finais do século XVII (no ano 1682).

Ventar: expresión que se refire á percepción que teñen as bestas de se sentiren observadas ou buscadas e á actitude que adoptan (“as bestas xa nos ventaron”).

Nota final

Na elaboración deste curto minidicionario da *Rapa das bestas de Sabucedo* debemos ós nosos familiares, veciños do noso Sabucedo natal e a outros amigos nosos e da festa da Rapa diversas informacións ou aclaracións. A todos eles (Lino Cabada, Fina Monteagudo, Luís Cabada, Marisa Monteagudo, Javier Obelleiro, “Gelo”, etc. etc...) o noso máis quente agradecemento. En calquera caso, no libro de Manuel Cabada Castro “*A Rapa das bestas*” de Sabucedo. *Historia e antropoloxía dunha tradición* (Vigo, Ir Indo, 1992) poderán atopar os interesados informacións máis amplas e detalladas sobre a historia e as orixes desta singular celebración festiva.